Esta mañá presentouse a programación oficial do I Encontro Profesional de Musica Galiza-Portugal que se desenvolverá o xoves, venres e sábado da próxima semana en Verín. A presentación tivo lugar no Auditorio da vila e contou coa presenza de Diego Lourenzo, tenente de alcalde do Concello de Verín;
Emilia Somoza
, concelleira de Cultura de Verín;
Jacobo Sutil
, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC);
Ana Villarino,
deputada de Termalismo, Turismo e Medioambiente da Deputación de Ourense;
Emi Candal
(Urdime SCG) e
Inés Portela
(Madapro), por parte do MUMI – Galicia; e
José Costa (
Banzé), por parte de MUMI – Portugal.

Desde a organización do MUMI en Galiza, Emi Candal presentou a feira como “unha oportunidade de negocio para os sectores musicais de Galiza e Portugal que contarán a partir de agora cunha plataforma desde a que construír proxectos conxuntos, trazar alianzas e atopar sinerxias que beneficien e promocionen as músicas de ambos territorios”
. Candal asegurou que “
a selección de propostas artísticas e actividades profesionais foi coidadosamente pensada para ofrecer unha ampla representación dos distintos estilos musicais que con moitísima calidade están traballando nos dous países”
e asegurou que a organización está “
enormemente satisfeita pola grande cantidade de propostas recibidas, un total de 315 entre as artísticas e as profesionais, o que demostra a necesidade que había deste encontro
". As inscricións para profesionais continuarán abertas ata a propia data do encontro e totalmente de balde a través da web
http://mumimusicas.eu/
.

Emi Candal tamén puxo en valor a vontade do MUMI de abrirse á participación da cidadanía con varios bloques de concertos e actividades abertas ao púlbico xeral; e agradeceu a colaboración de toda a vila de Verín, onde asegurou que "a ocupación hoteleira para a próxima fin de semana está practicamente cuberta, quedan moi poucas prazas para quen se queira animar' .

José Costa, voceiro do MUMI pola parte portuguesa, destacou que se lograse a participación de propostas artísticas de todo o territorio portugués. Costa avanzou que a continuidade do MUMI está garantida e que xa se está traballando na localización fronteiriza que acollerá o

encontro o próximo ano, coa idea de que se poda celebrar simultaneamente nunha localidade galega e outra portuguesa.

Programa de showcases profesionais
O xoves, as presentacións musicais para o público profesional comezarán ás 12:00 na sala 1 do Auditorio coa proposta de Magín Blanco e A Banda das Apertas destinada a público familiar e que contará con público das escolas de primaria de Verín. Ás 13:30, na sala 2, o portugués Luca Argel
seduciranos co seu samba doce e intimista. E xa pola tarde, ás 18:30, nesa mesma sala, a cantautora galega
Silvia Penide
presentará o seu novo traballo.

O venres, serán os galegos Ezetaerre os que abran a programación de showcases ás 12:00 na sala 1 do Auditorio co seu rap combativo que poderá disfrutar tamén o alumnado de secundaria da vila. Ás 15:13 Barry White Gone Wrong achegaranos unha proposta de rock, soul e rythm and blues cun son glamuroso, sexy e cheo de actitude. Ás 17:00 o jazz de
Xacobe Martínez Antelo Trío
na sala 2 do Auditorio; e para rematar esta xornada de concertos para profesionais, unha maridaxe nas Bodegas Tapias Mariñán, da denominación Monterrei , que no musical correrá a cargo da formación galega
Oîma
cunha proposta de música tradicional de composición propia, que liga os ritmos galegos cos doutras latitudes.

Actividades profesionais
Dentro da programación profesional, a feira propón espazos no Auditorio de Verín repartidos en distintos bloques ao longo das xornadas do xoves e o venres para que tanto artistas como profesionais dos ámbitos do booking, o management, ou os espazos de programación teñan a oportunidade de marcar encontros rápidos (speedmeetings) para coñecerse, intercambiar propostas e iniciar colaboracións.

Tamén no Auditorio de Verín, desenvolveranse 6 palestras arredor de temas de interese para o sector musical. O xoves está programado ás 11:00 o faladoiro Festivais: Creando experiencias arredor da música ; ás 16:00 falarase das D
iferentes fórmulas de apoio á música
; e ás 17:00 abordarase
O asociacionismo na xestión musical
. Na xornada do venres, o IGAPE ofrecerá ás 11:00 unha sesión informativa sobre o F
inanciamento público á produción musical
; ás 13:00 faralase de
Booking internacional
e ás 16:00 o último faladoiro da feira ofrecerá unha panorámica sobre a situación das

Salas de Concertos galegas e portuguesas
e a posibilidade de tecer redes entre elas.

Actividades abertas ao público

O MUMI, ademais de tecer redes dentro do circuito profesional, quere facer partícipe a toda a cidadanía da enorme riqueza musical que existe a ambos lados da raia. A programación aberta ao público acontecerá en varias franxas horarias. Durante as mañás, no Auditorio, haberá concertos que contarán coa participación de escolares de primaria o xoves e secundaria o venres.

O concerto de benvida e os últimos showcases de cada xornada tamén estarán abertos ao público, previa retirada de convite na billeteira do auditorio para os concertos da casa da cultura e do propio auditorio, e con entrada libre no caso dos bares. O xoves, as portas da casa da cultura abriranse para que o público escoite o pop nostálxico e instrospectivo da banda portuguesa ***Cassete Pirata***. A continuación, no pub Meigallo, o rock and roll sesentudo dos galegos ***Familia Caamagno***, e para rematar a festa, a electrónica do proxecto vigués ***Pálida*** no pub Lusco e Fusco. O venres, ás 20:30, no auditorio ***Os D'abaixo*** mostrarán un repertorio que atopa inspiración na música ¡tradicional galega; e ás 21:15 os portugueses ***Bed Legs*** despregarán tamén no escenario do auditorio o seu rock intenso pincelado de *rhythm and blues.*
E despois, nos bares da vila, O Sonoro Maxín coa súa cumbia galega no pub Meigallo, e a proposta electrónica dos portugueses ***Spicy Noodles*** no Pub Lusco e Fusco.

Todas as actividades programadas para a xornada do sábado estarán tamén abertas ao público. A partir das 11:00, na casa da cultura, presentaranse dous libros que nos falan de música: *'Magin Blanco, o camiño da luz'* con Carlos Rego; e *'Guadi Galego. Pola beira da canción'* con Pepe Cunha. Ás 11:30 na praza de García Barbón (no auditorio en caso de choiva), ***A Organeta*** despregará a súa proposta de animación de rúa; e ás 12:00 o *E*
ncontro de música tradicional de Galiza e Portugal
coas agrupacións ***Candaira***, de Castrelo do Val, e ***Danças e Cantares***, de Mazedo (Monção).

Concerto de Benvida
O xoves ás 19:30, o MUMI está previsto un gran concerto de benvida, aberto tamén ao público xeral, que será presentado pola cantora galega Uxía e o cantor portugués Rui David. As propostas escollidas para esta apertura oficial xiran en torno ás músicas urbanas, que na parte galega se encargarán de representar o *Neo Soul* de ***Nastasia Zürcher*** e o *Hip Hop* de ***Dios ke te crew***
, e pola banda portuguesa, as internacionalmente exitosas rimas da banda de hip hop, *Dealema*
.

O MUMI é o primeiro mercado profesional de música e cultura que se organiza entre os territorios de Galicia e Portugal e está promovido desde unha asociación integrada por empresas, profesionais e colectivos do sector musical galego e portugués; e apoiado polo programa da Xunta 'O teu Xacobeo' co obxectivo de crear unha ponte de ida e volta real e estable para as músicas de ámbolos dous países.

INFO MUMI

MÁIS INFORMACIÓN E FOTOS DOS SHOWCASES AQUÍ